



*I 302c*

As de alá de arriba  
cando van co gando  
levan unha vara  
pa bailalo tango,  
pa bailalo tango  
e maila muiñeira.

As de alá de arriba  
non hai quen as queira

As de alá de baixo  
ceibalas, ceibalas  
porque van ó baile  
coas pernas lavadas,  
coas pernas lavadas.  
As de alá de baixo  
ceibalas, ceibalas.

As de alá de arriba  
prendelas, prendelas  
porque van ó baile  
coas pernas moi negras,  
coas pernas moi negras.  
As de alá de arriba  
prendelas, prendelas.

Nosa Virxe da Lanzada  
que nos de o vento en popa  
laralala...

Nosa Virxe da Lanzada  
que nos de o vento en popa  
laralala...

que sómolos de Rianxo  
levámola vela rota,  
que sómolos de Rianxo  
levámola vela rota.



Eu son mariñeiro  
de Rianxo son  
pesco desde Arosa  
hasta a Ría de Padrón  
pesco desde Arosa  
hasta a Ría de Padrón.

Vindo polo río abaixo  
vin que había un peixe de pé.

Laralala...

Vindo polo río abaixo  
vin que había un peixe de pé.

Laralala...

“Dime ti miña rapaza  
dime ti que peixe é,  
dime ti miña rapaza  
dime ti que peixe é.”

Eu son mariñeiro  
de Rianxo son,  
eu son mariñeiro  
de Rianxo son  
pesco desde Arosa  
hasta a Ría de Padrón,  
pesco desde Arosa  
hasta a Ría de Padrón.

(...)

...noite hei de ir a pescar  
que pode arreciar o vento  
a pique de naufragar.

“Cala, cala miña meiga  
témonos que aproveitar  
xa sabes que non hai sempre  
boa cosecha no mar.”

O amor da costureira...

Unha noite non muíño...

- Esa la sabe ya o no?

“Señor cura, cura, cura  
donde lle vai a sobriña  
que lle quero preguntar -e  
como se asan as sardiñas.”



“Ábreselle o lombo,  
bótaselle sal -e  
e coa abanexo  
empeza a abanexar -e  
abanexa, abanexa, abanexa  
abanexa, abanexa, abanexa  
abanéxalle o rabo á sartén,”

(...)

Teño unha casa no monte  
con piñeiros arredor -e  
unha fonte con salgueiros  
onde miña nena  
canta o ruiñeñor -e.  
Unha fonte con salgueiros  
onde miña nena  
canta o ruiñeñor -e.

Vindo da ribeira  
da beira do Miño  
vindo polo monte  
vin un paxariño.  
“E como lle chaman?”  
“Chámanlle Pepiño.”  
“Que bonito nome  
ten o paxariño.”